

# VINTE PONTES

MAIO 2014

INSCRICIÓN:  
[ondas@pontenasondas.org](mailto:ondas@pontenasondas.org)



XX Aniversario Asociación Cultural e Pedagóxica  
**PONTE... NAS ONDAS!**

**PNO!**

## Vinte pontes, vinte anos... nas ondas

Estimados/as colegas:

No próximo ano 2014 celebraremos a XX edición da Xornada Multimedia de Comunicación "PONTE...NAS ONDAS! Por esta razón queremos convidaros a participar nunha celebración que pretendemos sexa moi especial.

Desde a primeira edición da xornada "experimental" de radio interescolar a experiencia foi evoluíndo e transformándose coa colaboración e as suxestións dos participantes. Así, realizáronse programas de radio en directo ( ou pregravados ) no día de Ponte...nas ondas! emitidos pola FM das emisoras de radio, fixéronse colaboracións radiofónicas con emisoras

comerciais, e emitíuse simultaneamente a programación a través de Internet, elaboráronse programas de televisión emitidos en directo por Internet...un amplo abano de opcións encamiñadas a ofrecer un espazo para a innovación e a creatividade!

Durante estes vinte anos os centros educativos foron os protagonistas e os mantedores de todas as actividades de Ponte...nas ondas! Por esta razón facemos un chamamento a todos eles e especialmente a aqueles que ao longo destas dúas décadas máis activamente se mantiveron NA PONTE. O libro-disco-dvd recolle parte de todo este traballo.

O patrimonio galego-portugués ten sido outra liña de traballo de Ponte...nas ondas! Nesta vixésima edición dirixímonos aos centros educativos para que continuen a traballar neste ámbito, producindo programas sobre o noso patrimonio común para esta edición.

Por todo isto, queremos celebrar toda esta traxectoria cunha nova demostración de creatividade e enxeño.

Animamos á participación con diversos premios cos que tratamos de recoñecer o voso traballo.

Para iso, convidámosvos a inscribivros nesta XX PONTE...NAS ONDAS!

# PREMIOS “BOAS ONDAS”- 20 PONTE...NAS ONDAS!

## BOAS ONDAS AO MELLOR PROGRAMA RADIOFÓNICO REALIZADO EN DIRECTO

\* Programa radiofónico en directo desde unha das emisoras participantes na xornada da XX Ponte...nas ondas!

\* **VALÓRASE:** Guión orixinal, número de participantes en directo, convidados/as ( sen ser alumnado nin profesorado ), realización técnica. Duración: Max.40'. Min.20'.

**PREMIO:** 1 tablet + 1 ordenador portátil+ 1 gravadora dixital

## BOAS ONDAS AO MELLOR PROGRAMA RADIOFÓNICO GRAVADO

\* Programa de radio gravado e producido por alumnado.

\* **VALÓRASE:** Guión orixinal, montaxe sonora,convidados/as ( sen ser alumnado nin profesorado ),número de participantes. Duración: Max.50'. Min.20'.

**PREMIO:** 1 tablet + 1 ordenador portátil+ 1 gravadora dixital

## BOAS ONDAS AO MELLOR PROGRAMA “COLABORATIVO”

\* Programa radiofónico realizado en colaboración cunha emisora de radio profesional para a xornada

\* **VALÓRASE:** A realización conxunta en directo, número de participantes en directo, convidados/as ( sen ser alumnado nin profesorado ), realización técnica.

**PREMIO:** 1 tablet + 1 ordenador portátil+ 1 gravadora dixital

## BOAS ONDAS AUDIOVISUAIS AO MELLOR PROGRAMA EN VÍDEO

\* Mellor programa realizado en vídeo.

\* **VALÓRASE:** Guión orixinal, calidade das imaxes, montaxe. Duración: Max.50'. Min.20'.

**PREMIO:** 1 tablet + 1 ordenador portátil+ 1 gravadora dixital

## BOAS ONDAS PATRIMONIAIS AO MELLOR PROGRAMA SOBRE O PATRIMONIO

\* Audiovisual documental realizado sobre unha das expresións do patrimonio inmaterial galego-portugués.

\* **VALÓRASE:** A participación do alumnado, a realización da recolla e o seu tratamento, a presentación audiovisual, o o aproveitamento didáctico. Duración: Max.50'. Min.20'.

**PREMIO:** 1 tablet + 1 ordenador portátil+ 1 gravadora dixital

## BOAS ONDAS DE FÓRA DA EURORREXIÓN GALIZA-NORTE DE PORTUGAL

\* Programa audiovisual ( radio, vídeo ) que mostre algunha expresión do patrimonio cultural do país de procedencia

\* **VALÓRASE:** Guión orixinal, número de participantes, montaxe, realización técnica. Duración: Max.50'.Min.20'.

**PREMIO:** 1 tablet + 1 ordenador portátil+ 1 gravadora dixital

Enviar ficha de inscrición a: [ondas@pontenasondas.org](mailto:ondas@pontenasondas.org)

## FORMAS DE PARTICIPAR:

- Posibilidade de participar na xornada realizando un programa de radio en directo.
- Levar a un grupo de alumnado a un estudio de radio.
- Facer colaboracións con emisoras de radio na xornada de Ponte...nas ondas!
- Realización de producións audiovisuais.
- Recolla de mostras do patrimonio inmaterial para a xornada de comunicación.